


MICE Petís
2024

MICE Petís 2024



MICE Petís é o espazo escolar dentro da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego. Este festival terá lugar do 20 ao 26 de marzo de 2024.

Nesta edición, a programación específica para centros educativos conta coa colaboración de FICBueu, festival para a proxección e promoción das mellores curtametraxes realizadas nos últimos anos no ámbito internacional.

A proposta é unha selección de curtas realizadas por diferentes centros educativos galegos que participan da sección escolar deste festival. Estes traballos tratan temáticas de interese para o alumnado, que van desde a actualidade do patrimonio etnográfico, a igualdade de xénero ou os valores medioambientais.

Que vos ofrecemos?

Sesións VIRTUAIS • Na semana do marzo, esta proposta irá aos centros escolares facilitando e compartindo os filmes a través dunha ligazón grazas a cal o profesorado poderá programar a MICE Petís na propia aula.

Podedes escoller aqueles filmes que mellor se vos adapten por contido ou temporalización, e organizar os pases como mellor vos cadre na vosa axenda escolar.

Actividade de balde.

Solicitudes en servizosdeac@museodopobo.gal

CURTAS SELECCIONADAS PARA PRIMARIA.

Curtas realizadas por diferentes ciclos de primaria e, en moitos casos, mesturando alumnado de diferentes cursos, a falarnos, con diferentes linguaxes cinematográficas, daquelas temáticas que lles interesan: adaptacións de contos, igualdade de xénero, medioambiente ou aventuras onde nos explican, de xeito divertido, relatos da historia e da arte.

O roubo da Mona Lisa.

CEIP Purilingüe San Marcos - 6 min

Da Vinci e a Gioconda están pasando por apuros económicos en plena idade moderna. É por iso que deciden viaxar ao futuro e recuperar a obra maestra do pintor: a Mona Lisa.

Carolina e o corvo de as brancas

CEIP do Hío - 7 min

Carolina e os seus catro irmáns vense envoltos nunha perigosa aventura despois de romper o vidro da xanela da casa do conserxe. Coa axuda dos seus irmáns e dos morcegos do colexio, Carolina atopará a solución.

Dona Landra no Río Revolto

CEIP Pluriligüe A Pedra - 4 min

No río Revolto aparece, no medio de moita porcallada na que se están afacendo a vivir os habitantes do río, un monstro verde e fedorento que atemoriza a todos os animais.

A coroa da raiña

CEIP Purilingüe San Marcos - 6 min

Tres rapazas viaxan no tempo ata a idade media. Alí axudarán a raiña nunha misión.

Maruxa e Pepiño

CEIP Pluriligüe Guillarei - 5 min

Maruxa encárgase de todos os labores da casa mentres Pepiño rasca o bandullo, ata que un día... as cousas se tornan.

Héroes Enmascarados

CEIP do Carballal - 3 min

Durante as obras que se están realizando no centro, uns malandríns entran no Carballal... serán quen de facerlle fronte os Heroes Enmascarados?

CURTAS SELECCIONADAS PARA SECUNDARIA.

Curtas realizadas por diferentes cursos da ESO a falar daquelas temáticas que son importantes para eles e elas: relacións afectivas, saúde mental, igualdade de xénero, valores medioambientais, diversidade sexual ou expectativas laborais.

Non estás soa. Non cales. Non te peches. Non es a culpábel

IES Salvaterra do Miño - 2 min

Pequeno vídeo ao modo dun anuncio publicitario a prol da saúde mental na adolescencia.

Mundo ao revés

CPI Alcalde Xosé Pitchel - 5 min

Ser heterosexual é o normal? en *Mundo ao revés* reflexiónase sobre esa pregunta para descubrir o absurdo que pode chegar a ser o comportamento humano.

Vida Furtiva

IES Terra de Trasancos - 14 min

O pai de Brais queda sen traballo e convértese en furtivo. Brais fará todo o posible para que o seu pai sexa legal e obteña unha licenza. Un retrato da dureza da vida mariñeira.

Cores

IES as Barxas - 3 min

Animación para o 28 de Xuño, día do Orgullo LGTBIQA+.

Migrando

IES Praia Barraña - 2 min

Unha reflexión sobre a emigración: unha andoriña decátase de que os invernos do humanos son distintos aos seus...

Non tes prezo

CPI Eusebio Lorenzo Baleirón - 5 min

Videoclip en defensa da identidade propia.

Error 404. Girl Not Foud

IES Politécnico de Vigo - 7 min

Unha rapaza envíalle a súa parella unha confesión gravada en vídeo, o que desatará a súa reacción.

REQUERIMENTOS PARA A ACTIVIDADE EN LIÑA

- É necesaria unha aula ou espazo con dispoñibilidade para proxectar as curtas.
- Podedes facer unha escolla e ver aquela ou aquelas curtas que máis vos interesen, non é necesario visualizalas todas.
- O DEAC enviará ligazóns e contrasinais para poder acceder ás curtas.
- Solicitar en servizosdeac@museodopobo.gal
- O centro deberá contar cunha conexión estábel a internet e equipo para proxectar.
- Actividade gratuíta, dispoñíbel do 18 ao 22 de marzo.

